<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas de improvisación sobre esquemas rítmico-melódicos e harmónicos establecidos ou libres adaptados ao nivel.</li> <li>- Práctica auditiva ou interpretativa (instrumental e vocal) de estruturas tonais e modais. Estructuras melódicas e harmónicas sinxelas. Intervalos harmónicos e melódicos, simples e compostos.</li> <li>- Creación de ideas musicais e coreográficas sinxelas a través dos instrumentos musicais, do corpo ou a danza en actividades de imitación e de improvisación, libres ou dirixidas.</li> <li>- Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol asignado dentro do grupo e con respecto ás a</li> <li>- Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas a</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A textura musical.	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Describir as principais características dos elementos musicais (melodía, ritmo, harmonía, timbre etc.) presentes en partituras con grafía convencional e non convencional de obras ou fragmentos de distintos estilos e épocas, identificando e analizando os seus elementos.	Saber identificar as principais características dos elementos musicais na análise de partituras con grafía convencional e non convencional.	PE	31
CA1.4 - Comparar a representación dos elementos musicais en partituras con diferente grafía, reflexionando sobre os factores que inciden na evolución da notación musical.	Saber distinguir os elementos musicais nas partituras con diferentes grafías.		
CA2.1 - Ler con autonomía partituras sinxelas, atendendo aos signos de representación dos parámetros do son, con ou sen apoio da audición, e recoñecer auditivamente e transcribir os elementos básicos da música.	Ler partituras con certa facilidade e identificar nas audicións os elementos básicos da linguaxe musical para poder transcribilos posteriormente.		
CA2.2 - Executar fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, de forma individual ou colectiva, a través da voz, do corpo ou de instrumentos musicais, atendendo ás indicacións da partitura	Saber interpretar pezas musicais de forma individual ou colectiva seguindo as indicacións da partitura.	TI	69
CA2.3 - Desenvolver habilidades técnicas para a interpretación vocal, instrumental e coreográfica, utilizando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe e aplicando estratexias de memorización musical.	Interpretar fragmentos musicais de memoria desenvolvendo as habilidades técnicas adquiridas nos ensaios.		
CA2.4 - Xerar ideas musicais ou coreográficas sinxelas, utilizando diferentes instrumentos, a voz ou o corpo, en improvisacións libres ou dirixidas.	Improvisar fragmentos musicais a través dos instrumentos, a voz ou o corpo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar e desenvolver proxectos musicais colaborativos con base en materiais coñecidos ou novos e nos coñecementos adquiridos, asumindo diferentes funcións en todas as fases do proxecto con participación activa, valorando as achegas de todos os integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar nos proxectos musicais propostos respetando as achegas dos compañeiros do grupo.		
CA2.6 - Desenvolver proxectos musicais, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas e utilizando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.	Elaborar proxectos musicais empregando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.		
CA2.8 - Interpretar un repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas interpretación.	Saber interpretar fragmentos musicais de estilos diferentes, aplicando os coñecementos adquiridos nas actividades prácticas levadas a cabo na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Polirritmias e polimetrías.</li> <li>- Grupos de valoración especial.</li> <li>- A textura: tipos.</li> <li>- Os elementos musicais (rítmicos, melódicos, harmónicos, formais, tímbricos) na tradición musical occidental, no folclore e nas músicas populares urbanas.</li> <li>- A música como forma de expresión. escoita activa de obras musicais ou fragmentos, e descrición e análise das emocións e sensacións. Vinculación ao contexto de creación e ao momento presente.</li> <li>- Lectura e execución instrumental e vogal <i>¿a primeira vista e preparada¿</i>, interiorización e memorización de estruturas musicais sinxelas rítmicas e melódicas, en fragmentos breves e clave de Sol. Compases simples, compostos, mixtos e amálgama. Ritmos irreg</li> <li>- Identificación auditiva do pulso binario e ternario, dos acentos dos compases binarios, ternarios e cuaternarios e de cambios sinxelos de compás en fragmentos breves.</li> <li>- Técnicas de realización escrita de ditados rítmicos e melódicos sinxelos a unha voz.</li> <li>- Interpretación consciente vogal ou instrumental de grafías relativas ás indicacións básicas de articulación, dinámica e agónica.</li> <li>- Técnicas de interpretación a través da voz, do corpo, dos instrumentos musicais <i>¿Orff ou outros obxectos de son¿</i> de fragmentos sinxelos, con ou sen acompañamento instrumental, atendendo ás indicacións da partitura.</li> <li>- O ensaio, elemento de aprendizaxe e perfeccionamento nas actividades interpretativas.</li> <li>- Técnicas de memorización nas actividades interpretativas musicais e coreográficas.</li> <li>- Estratexias e técnicas de improvisación sobre esquemas rítmico-melódicos e harmónicos establecidos ou libres adaptados ao nivel.</li> <li>- Creación de ideas musicais e coreográficas sinxelas a través dos instrumentos musicais, do corpo ou a danza en actividades de imitación e de improvisación, libres ou dirixidas.</li> <li>- Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol</li> </ul>



<b>Contidos</b>
- asignado dentro do grupo e con respecto ás a - Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas a

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A forma musical.	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Describir as sensacións que xera a música e a súa posible vinculación coas características da obra e o contexto en que foi creada, reflexionando e extraendo conclusións sobre aspectos subxectivos inherentes á escoita musical.	Saber expresar as emocións que lle suxire a escoita dunha peza musical.	PE	27
CA1.3 - Describir as principais características dos elementos musicais (melodía, ritmo, harmonía, timbre etc.) presentes en partituras con grafía convencional e non convencional de obras ou fragmentos de distintos estilos e épocas, identificando e analizando os seus elementos.	Saber identificar as principais características dos elementos musicais na análise de partituras con grafía convencional e non convencional.		
CA2.1 - Ler con autonomía partituras sinxelas, atendendo aos signos de representación dos parámetros do son, con ou sen apoio da audición, e recoñecer auditivamente e transcribir os elementos básicos da música.	Ler partituras con certa facilidade e identificar nas audicións os elementos básicos da linguaxe musical para poder transcribilos posteriormente.		
CA2.2 - Executar fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, de forma individual ou colectiva, a través da voz, do corpo ou de instrumentos musicais, atendendo ás indicacións da partitura	Saber interpretar pezas musicais de forma individual ou colectiva seguindo as indicacións da partitura.	TI	73
CA2.3 - Desenvolver habilidades técnicas para a interpretación vocal, instrumental e coreográfica, utilizando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe e aplicando estratexias de memorización musical.	Interpretar fragmentos musicais de memoria desenvolvendo as habilidades técnicas adquiridas nos ensaios.		
CA2.4 - Xerar ideas musicais ou coreográficas sinxelas, utilizando diferentes instrumentos, a voz ou o corpo, en improvisacións libres ou dirixidas.	Improvisar fragmentos musicais a través dos instrumentos, a voz ou o corpo.		
CA2.5 - Planificar e desenvolver proxectos musicais colaborativos con base en materiais coñecidos ou novos e nos coñecementos adquiridos, asumindo diferentes funcións en todas as fases do proxecto con participación activa, valorando as achegas de todos os integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar nos proxectos musicais propostos respetando as achegas dos compañeiros do grupo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Desenvolver proxectos musicais, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas e utilizando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.	Elaborar proxectos musicais empregando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.		
CA2.7 - Difundir producións musicais e audiovisuais a través de plataformas dixitais, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Utiliza contornas seguras para difusión de producións musicais e audiovisuais.		
CA2.8 - Interpretar un repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas interpretación.	Saber interpretar fragmentos musicais de estilos diferentes, aplicando os coñecementos adquiridos nas actividades prácticas levadas a cabo na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A melodía: intervalos simples e compostos. Tipos de escalas (diatónica, cromática, pentatónica, escala do blues etc.).</li> <li>- A forma musical: unidades estruturais; formas simples e complexas.</li> <li>- Os elementos musicais (rítmicos, melódicos, harmónicos, formais, tímbricos) na tradición musical occidental, no folclore e nas músicas populares urbanas.</li> <li>- Lectura e execución instrumental e vogal <i>à</i> primeira vista e preparada, interiorización e memorización de estruturas musicais sinxelas rítmicas e melódicas, en fragmentos breves e clave de Sol. Compases simples, compostos, mixtos e amálgama. Ritmos irreg</li> <li>- Técnicas de realización escrita de ditados rítmicos e melódicos sinxelos a unha voz.</li> <li>- Interpretación consciente vogal ou instrumental de grafías relativas ás indicacións básicas de articulación, dinámica e agónica.</li> <li>- Técnicas de interpretación a través da voz, do corpo, dos instrumentos musicais <i>¿</i>Orff ou outros obxectos de son <i>¿</i> de fragmentos sinxelos, con ou sen acompañamento instrumental, atendendo ás indicacións da partitura.</li> <li>- O ensaio, elemento de aprendizaxe e perfeccionamento nas actividades interpretativas.</li> <li>- Estratexias e técnicas de improvisación sobre esquemas rítmico-melódicos e harmónicos establecidos ou libres adaptados ao nivel.</li> <li>- Práctica auditiva ou interpretativa <i>¿</i>instrumental e vogal <i>¿</i> de estruturas tonais e modais. Estructuras melódicas e harmónicas sinxelas. Intervalos harmónicos e melódicos, simples e compostos.</li> <li>- Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol asignado dentro do grupo e con respecto ás a</li> <li>- Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre.</li> <li>- Difusión de producións musicais e audiovisuais en plataformas dixitais: protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría.</li> <li>- Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas a</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O marco metodolóxico ao que se referirán as propostas empregadas na materia de música baséase no traballo en equipo, na capacidade dos alumnos para aprender por si mesmos e nos diferentes ritmos de aprendizaxe.

O desenvolvemento das clases de música asentaranse no aspecto práctico-teórico que require a nosa materia. Ámbolos dous aspectos irán unidos, non concibidos como independentes e complementarase no proceso ensinanza-aprendizaxe.

Cada unidade irá acompañada como mínimo dunha interpretación de lectura rítmico- melódico musical na que se traballen os aspectos conceptuais na práctica.

Dende o departamento consideramos que se deben abordar sempre que sexa posible tódolos conceptos musicais dende a práctica e esa será a nosa postura de cara á unificar os criterios do departamento.

Atenderase á diversidade e garantirase o acceso de todo o alumnado á educación común. Artellaranse medidas de reforzo educativo para o alumnado que o precise.

Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo que o alumno/ aprenda por si mesmo/a.

- Estimularase o traballo en equipo.

- Buscarase unha metodoloxía activa e participativa na que teñan cabida o traballo individual e cooperativo.

- Procurarase elaborar traballos interdisciplinares nos que a coordinación do equipo docente é fundamental. Por outra banda, permite a interrelación de contidos de diferentes materias.

A materia de música contribuirá ao desenvolvemento competencial do alumnado e traballará, como corresponde, a transversalidade.

A materia de música tamén participa do Plan Lector, e a miúdo son propostas na aula lecturas con tarefas procedentes de artigos de prensa ou atopados na internet. Con todo, a competencia lectora vai máis alá nesta materia, xa que a lectura musical supón a aprendizaxe dunha nova linguaxe.

O emprego das TIC está tamén presente: elaboración de traballos ou apoio a exposicións na aula con power points emprego de editores de partituras, etc.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos Orff ( Carillóns, Metalófonos, Xilófonos) frautas, instrumentos de percusión.
Aula virtual.
Partituras.
Piano.
Proxector, canón e ordenador.
Apuntamentos facilitados polo profesor/a.
Libreta de pentagramas e sen eles.
Pizarra con pentagramas.

Os instrumentos utilizaránse para facer a práctica instrumental, ensaiar as pezas musicais que se tocarán na semana cultural do centro.

Na aula virtual incluírase o material e as actividades necesarias para o desenrolo dos diferentes contidos da materia. As partituras utilizaránse para facer práctica instrumental, análise musical de melodías e práctica de lectura musical (solfexo).

Co piano, acompañaránse pezas musicais e utilizaráse para facer exercicios de entoación e ditados musicais.

O proxector, canón e ordenador, serán necesarios para visualizar na pantalla da clase, videos que axuden á explicación e reforzo dos contidos e para visualizar os materiais colgados na aula virtual do centro como,

apuntamentos, partituras para a práctica musical e de lectura musical.

Os apuntamentos, serán a guía por onde teñen que estudar os contidos que se explicarán na clase.

A libreta de pentagramas, utilizarémola para practicar a escritura dos elementos básicos da linguaxe musical e a libreta sen pentagramas, para facer os exercicios complementarios de cada tema.

A pizarra con pentagramas, usaráse para a explicación de exercicios dos contidos de linguaxe musical que teñan fragmentos melódicos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No principio do curso, logo da presentación da asignatura, durante as primeiras sesións (2, 3 ou 4) (o número dependerá das necesidades que aprecie o profesor), se dedicarán a repasar brevemente conceptos teóricos non acadados no curso anterior (linguaxe musical, lectura, etc.).

Durante o proceso de repaso faranse probas orais e/ou escritas (dependendo da apreciación do profesor), sobre os contidos que os alumnos deberían coñecer, para poder apreciar posibles carencias do alumno en particular e do grupo.

Nas diferentes probas iniciais, calificaráse a cada alumno en particular, pero tamén farase unha valoración do grupo en xeral, apreciando os problemas nalgunha das actividades de lectura musical.

Esto permitirá tomar as decisións sobre aqueles conceptos que precisen ser reforzados, e ou que tipo de actividades futuras son máis convenientes para os alumnos.

Trataranse de distintas probas:

- Para determinar o nivel de coñecementos con probas de pregunta e resposta.
- As destrezas na lectura musical.
- As súas habilidades psicomotrices coa realización de exercicios rítmicos ou percusión corporal.
- A capacidade auditiva mediante Audicións.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>14</b>	<b>15</b>	<b>12</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	40	36	40	40	25	31	27	<b>35</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	60	64	60	60	75	69	73	<b>65</b>

### Criterios de cualificación:

1. Probas prácticas musicais, onde se avaliarán as destrezas de interpretación, rítmicas, auditivas e de lectura musical dos alumnos/as cunha nota de 0 ata 10, estas probas suporán o 30% da nota final.

Avaliarase segundo segue:

Valoración das Probas prácticas: 30%

- Interpretación de 2 pezas, como mínimo cada avaliación, con instrumental Orff (Xilófonos, Carillóns) ou frauta (15%)

- Probas de lectura musical (solfeo), e ritmos, mediante exercicios rítmicos e de lectura musical. Interpretaránse 3 exercicios de lectura rítmico-melódica cada avaliación, sendo a puntuación máxima de cada un deles 0,5. (15%)

2. Probas escritas individuais; unha como mínimo en cada avaliación que suporán o 60% da nota final. Ditas probas escritas serán puntuadas de 1 a 10 puntos. Nelas recolleranse diversas cuestións sobre os conceptos e procedementos traballados na clase, a través de cuestións concretas, xerais e comentarios.

3. Traballo diario na clase, esforzo e rendemento. Avaliado cunha porcentaxe do 10%. Esta avaliación obtense a partir da observación directa e dos rexistros diarios feitos por parte do profesor. Avaliarase segundo segue:

Valoración do traballo, esforzo e rendemento. (10%)

- Acode a clase co material (frauta, partituras, libro de texto ou apuntamentos, ordenador e libreta). (2%)

Participa activamente e con interese nas actividades propostas na clase:

- A realización dos exercicios prácticos ou escritos, 4%.

-O rendemento e esforzo diario do alumnado, mediante observación directa do mesmo,4%.

### **Crterios de recuperación:**

A nota de cada avaliación obterase de facer a suma dos tres apartados coas súas porcentaxes correspondentes (60% parte teórica, 30% parte práctica, 10% esforzo diario e rendemento).

1. A proba práctica, consistirá na interpretación instrumental de dúas pezas para frauta ou instrumental Orff de láminas, Xilófonos, Carillóns e na lectura musical de tres exercicios con diferentes ritmos musicais.

2. O aprobado para todos os niveis estará no 5.

3. O Departamento daralle ao alumnado que teña avaliacións suspensas a oportunidade de facer unha proba de recuperación na seguinte avaliación.

En xuño, aquel alumnado que aínda teña avaliacións suspensas, terá a oportunidade de facer outra proba de recuperación antes de ir ao exame extraordinario de xuño.

4. A nota da avaliación ordinaria de Xuño obterase da media matemática obtida das tres avaliacións, podendo ser inferior dita nota á da terceira avaliación. O resultado de dita media ten que dar como resultado 5 como mínimo para superar a materia en dita avaliación ordinaria. O alumno que non aprobe a avaliación ordinaria de xuño poderá presentarse á proba extraordinaria de xuño, nesta proba só fará exame das avaliacións que quedaran suspensas na avaliación ordinaria de xuño.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Organización das actividades de seguimento:

Ao alumnado faráselle un seguimento das actividades que fagamos na clase ou que mandemos para a casa mediante a revisión do seu caderno persoal e a observación da súa evolución e desenvolvemento en ditas actividades ao longo de cada tema. No caso de non seguir o ritmo da clase, daráselle fichas de reforzo e recuperación dos contidos nos que presente problemas.

Organización das actividades de recuperación:

Para aqueles alumnos que vaian quedando atrás na consecución dos obxectivos, faranse exames de recuperacións, despois de cada avaliación, para ir acadando os obxetivos propostos.

No caso de que algún alumno, a finais de curso, tivera suspensa só unha das tres avaliacións, despois de facer as correspondentes recuperacións de cada unha, farase media entre as tres, e si lle da a media un 5, darase por aprobada a materia, senón terá que ir a ao exame extraordinario de xuño só coas avaliacións que teña suspensas.

Materia pendente:

O Departamento ten contemplado a realización de probas para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior.

Repartirase os contidos mínimos en dúas partes e faranse dous exames ao longo do curso a determinar pola CCP, normalmente adoitan ser o primeiro exame en novembro e o segundo a finais de xaneiro, principios de febreiro. No caso de non aprobar así, farase tamén un exame final en maio, no cal poderán recuperar os dous exames anteriores ou a parte que teñan suspensa, e no caso de suspender en maio, teran a posibilidade doutra proba extraordinaria en xuño.

Durante o mes de setembro o xefe/a de Departamento encargaráse de explicarlles ao alumnado de pendentes as tarefas de reforzo e os diferentes exames de recuperación que deben facer para acadar os obxectivos fixados.

Esas tarefas serán de carácter práctico, con exercicios de linguaxe musical básico dos contidos tratados en cada tema e preténdese que sirvan como reforzo para traballar eses contidos.

Os alumnos/as deberán entregar as tarefas na data que se lles indique á xefa do Departamento para facer un seguimento das mesmas e da súa evolución na aprendizaxe.

Os exames teóricos, (dous parciais e/ou final) segundo o calendario proposto pola CCP.

Crterios de cualificación das probas:

-Exames teóricos: 40 % da nota final. Ditas probas serán puntuadas de 1 a 10 puntos, nelas avaliaranse os conceptos

traballados nas fichas de reforzo de cada tema.

-Tarefas con fichas de reforzo: 30% da nota final.

-Probas prácticas: 30 % da nota final. Divididas en 2 apartados: Probas de lectura musical (solfexo): 15%

Probas de práctica instrumental: 15%.

Os alumnos que teñan a materia pendente de 4ºESO e que estean cursando no presente curso a materia de Linguaxe e Práctica Musical en 1º Bach, non terán que facer as probas prácticas de interpretación instrumental e lectura musical, xa que se no presente curso farán exames prácticos , que nos servirán para avaliar esa parte, que contará un 30% da nota final.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O Departamento manterase en contacto coa Orientadora para facer seguimento do alumnado con dificultades. Esta materia é fundamentalmente práctica, polo que faremos seguimento e reforzo ao alumnado con dificultades practicando os contidos (movemento, percusión corporal, seguimento rítmico, práctica instrumental...) máis tempo con eles. Comprobaremos na aula que entenden os contidos e farase seguimento de que traen o material necesario.

Ao alumnado con dislexia, por exemplo, darémoslles máis tempo para a realización de exercicios e probas (sobre un 25% máis). Xa se fixo en cursos pasados con bos resultados.

Ao alumnado con TDAH tamén lle adaptaremos os exames, ampliando o tamaño da letra, subraiado as palabras clave, entregándolle por separado cada pregunta do exame.

Calquera outra dificultade que se presente, será consultada sempre coa Orientadora, fálase co titor/a e para coordinar a conveniencia ou non de adoptar medidas comúns todo o equipo educativo. Se fose necesario faranse adaptacións curriculares.

Procederemos do mesmo xeito no caso de alumnado de incorporación tardía ou inmigrante. Nestes casos, o traballo común do equipo con orientación e titoría é fundamental. Será estudado e abordado cada caso en concreto. Así e todo, estas son as recomendacións do Departamento de Música para proceder co alumnado estranxeiro:

### MEDIDAS DE ACTUACIÓN PARA A ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO:

Darlle ao alumno/a unhas pautas de traballo e normas de convivencia e comportamento.

- Debemos darlle un bo modelo lingüístico e, polo tanto, non falar xesticulando ou subindo demasiado a voz; facer frases sinxelas, pronunciando con claridade, tentando non alterar as frases para facilitarlle a comprensión.

- Colaborar na pronuncia; cambiar o -mal dito- polo correcto, de xeito que poida aprender por imitación, poñendo coitado en non cortar a comunicación.

- É importante falar co novo alumno/a, facendo un esforzo por entendela e que se faga entender, procurando que tamén se esforce, sen traducirlle todo.

- Interpretar os silencios coma un proceso natural.

-Aceptar os frecuentes cambios de estado de ánimo e de ritmo de traballo, motivados pola adaptación á nova vida escolar.

- É posible que o alumno/a teña necesidade de sentirse comprendido e apoiado/a. Quere entender, traballar e participar dunha forma normalizada e non sempre é capaz.

Axudala/o a entender as tarefas escolares que ten que facer.

- Orientala/o sobre: horarios, material de traballo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A igualdade entre os sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Capacidade de relación interpersonal.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fortalecer as capacidades afectivas para mellorar unha relación cívica na sociedade, aprendendo a identificar e rexeitar a violencia e os prexuízos de calquera tipo e resolver conflitos dun xeito pacífico. Por exemplo: o traballo en grupo (vocal, instrumental, danza, ritmo...) estimulan a comprensión, a cooperación entre o alumnado e melloran a autoestima.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Actuar con responsabilidade, coñecendo os seus dereitos e deberes na sociedade, actuando con tolerancia e fomentando a cooperación e a solidariedade. Por exemplo: respectar os turnos, traballos en grupo, normas da aula de música e do proceso de ensaio e concerto público...	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Valorar a importancia de observar as normas comúns na comunidade escolar elemento chave para a interiorización e cumprimento fóra do entorno escolar, dos preceptos morais establecidos na nosa sociedade ou a normativa en materia de seguridade vial.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condicións necesarias para a futura convivencia dentro e fóra do ámbito académico - laboral e como medio de desenvolvemento persoal.	X	X	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Concertos didácticos no Auditorio de Galicia para asistir aos concertos da Orquestra Filarmonía de Galicia.	O nome do Concerto, será segundo o que nos concedan ao principio de curso.		X	
Día da violencia de xénero (25 Novembro).	Serán interpretados coreográficamente varios temas que traten o tema da violencia de xénero.	X		
Día da paz (no 2º trimestre)	Serán interpretados varios temas con contidos pacifistas.		X	
- Charlas conferencias relacionadas coa música.	Segundo vaian xurdindo ao longo do curso.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
11. Dase un peso real á observación do traballo na aula.
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.



<b>Metodoloxía empregada</b>
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
7. Poténcianse extratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse extratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos etc...
12. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar os seus acertos e erros.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
12. Valorouse axeitadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
9. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACIS propostas e aprobadas.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
<b>Clima de traballo na aula</b>
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
10. Adecuación do traballo na aula.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e participación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coas familias por parte do profesorado.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
Outros
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO:
INDICADORES DE LOGRO PARA A PRÁCTICA DOCENTE

### Descrición:

Os indicadores de logro avaliaránse cunha escala que utiliza os seguintes valores: nunca, poucas veces, frecuentemente, case sempre e sempre.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao longo do curso farase un seguimento mensual da programación didáctica, e da súa temporalización nas actas do Departamento para poder adaptarse á realidade da aula.

Ademáis, debe existir unha uniformidade, nos contidos, as actividades, o ritmo de traballo, etc. na mesma asignatura en cursos diferentes do mesmo nivel.

Realizar o seguimento do cumprimento da programación permitirá:

- Establecer as medidas correctoras que a avaliación indica.
- Establecer mecanismos de coordinación para evitar discrepancias nos contidos impartidos e a súa avaliación, nos distintos cursos de música do mesmo nivel.

Así mesmo, ó final de curso, na memoria do Departamento, farase unha valoración dos resultados acadados en cada curso e das posibles dificultades atopadas. O ritmo de aprendizaxe de cada grupo será o factor que nos marque o grao de desenvolvemento da programación e das medidas a tomar para o seu mellor aproveitamento. Farase polo tanto, unha revisión da programación, dos seus contidos, procedementos, secuenciación, temporalización, etc., en función dos resultados obtidos, das dificultades atopadas no seu desenvolvemento e dos cambios feitos ó longo do curso. As conclusións desta revisión teranse en conta na programación do curso seguinte.

## 9. Outros apartados